

# LENGUA Y LITERATURA GALLEGAS



# Aquilino Iglesia Alvariño e a literatura galega de posguerra

PATRICIA ARIAS CHACHERO

parias44@alumno.uned.es

Recibido: diciembre de 2013. Aceptado: enero de 2014

**Resumo:** No ano 1947 publícase *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño, en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), considerado o primeiro poemario galego relevante da posguerra. No presente traballo preténdese analizar cales foron as circunstancias que rodearon a aparición do mencionado volume. Tentaremos aclarar como Severino González Lazán, un humilde libreiro, e Aquilino Iglesia Alvariño, profesor nun colexio privado, foron quen de levar a cabo a proeza de imprimir un exemplar de versos nunhas máquinas que non eran as máis adecuadas. O resultado foi un coidado poemario, cuxa aparición parece ter sido menos inocente do que en principio e de maneira xeneralizada, se supón.

**Palabras clave:** poesía, galega, contemporánea, literatura galega de posguerra, Aquilino Iglesia Alvariño, *Cómaros verdes*

**Abstract:** In 1947, *Cómaros verdes* by Aquilino Iglesia Alvariño is published in Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), being considered one of the most important post-war Galician collection of poems. In the present article we will try to analyze the circumstances surrounding the appearance of the aforesaid book. We will also try to clarify how both Severino González Lazán, a humble librarian, and Aquilino Iglesia Alvariño, a private school teacher, could undertake the remarkable task of printing a book of poems on a printing press that was far from adequate. The result was a poetry book made with the utmost care and whose appearance seems to have been less innocent than it is generally thought.

**Keywords:** poetry, Galician, contemporary, post-war galician literature, Aquilino Iglesia Alvariño, *Cómaros verdes*

Como é ben sabido, o estoupido da guerra civil en xullo de 1936 marcou o inicio dun violento e irreversible proceso de represión e férrea censura que culminaría coa interrupción do até aquel momento puxante uso público das linguas catalás, galega e vasca. A prensa e as editoras que as acolleran con entusiasmo nas súas publicacións, desapareceron ou deixaron de facer o seu traballo como fixeran até entón. Ao mesmo tempo, as organizacións que promoveran con nor-

malidade conferencias, cursos e outros actos públicos, foron prohibidas e perseguidas e innumerables proxectos de corte lingüístico, literario ou cultural desapareceron abruptamente<sup>1</sup>.

Esta cadea de sucesos históricos delimitan un antes e un despois nas liñas temáticas e na secuencialización das literaturas hispánicas ás que nos vimos referindo. De forma que á hora de achegarse ao patrimonio cultural daqueles anos, resulta absolutamente imposible obviar a situación política en que foi concebido. Acostuma sinalarse o remate da segunda guerra mundial como o momento concreto no que estas literaturas rexorden para as letras impresas. Foi entón, tras o esmagador silencio que nalgúns casos se prolongou durante máis de dez anos, cando os intelectuais cataláns, galegos e vascos comezan a editar nas súas linguas.

No caso galego, as principais historias da literatura sinalan a *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño (Vilagarcía de Arousa, 1947) como o primeiro poemario de certa relevancia escrito tras a guerra civil española. O profesor Ricardo Carballo Calero (1981: 744) na súa *Historia da Literatura Galega* recoñece a este respecto que:

*Cómaros verdes* (1947) é o primeiro libro importante de poesía galega aparecido despois de 1936. Esto dálle moita notoriedade, e favorecido o autor pola prensa galega, e especialmente pola compostelana, na que colabora, a súa sona inza, e o seu prestixio de mestre afíncase en termos xerais.

Na actualidade esta tallante afirmación dáse por boa sen grandes cuestionamentos e sen afondar nas circunstancias que se agochan tras a impresión do particular volume. Nas páxinas que seguen tentaremos aclarar en que condicións se editou *Cómaros verdes* e se foi casualidade que un poemario desta relevancia xurdise nun lugar tan afastado dos centros culturais e literarios como era Vilagarcía de Arousa. Tentaremos xustificar ademais, como se explica que o volume xurdise nas máquinas dunha pequena imprenta que non estaba preparada para editar libros e se era Iglesia Alvariño un poeta sen compromiso ideolóxico ou se, pola contra, trazou un calculado plan para publicar na nosa lingua.

## AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO EN VILAGARCÍA DE AROUSA

Aquilino Iglesia Alvariño chega a Vilagarcía de Arousa no mes de xuño de 1933 para traballar como profesor nun colexio privado, o León XIII. O escritor, que apenas cumprira 24 anos, instálase na comarca arousá para substituír durante as vacacións estivais a José Ramón Crecente Vega que até aquel entón exercera como profesor de latín no centro<sup>2</sup>. Probablemente foi o propio Crecente quen o propuxo para a praza e quen o convidou a facerse cargo do posto.

<sup>1</sup> Lémbrase o caso de l'Institut d'Estudis Catalans, reconstituído en 1942, ou do Seminario de Estudos Galegos, espoliado ao comezo da guerra.

<sup>2</sup> Aquilino Iglesia Alvariño, «Deudas impagables», *El Pueblo Gallego*, 15-VIII-1959.

A pesar de que Crecente Vega (1896-1948) e Iglesia Alvariño (1909-1961) frecuentaran as mesmas aulas no seminario de Mondoñedo e asistiran ao faladoiro da barbería mindoniense de Manuel Ledo Bermúdez, a súa amizade consolidárase o ano anterior, mentres o mozo de Abadín facía o servizo militar no cuartel de artillería de Ferrol pois a poucos quilómetros de alí, en Narón, tiña a súa parroquia o sacerdote Crecente Vega.

O que daquela non sabía Alvariño é que a súa estadia en Vilagarcía de Arousa se ía prolongar durante máis de 16 anos<sup>3</sup> e que ía ser precisamente alí onde fundaría o seu fogar, criaría aos seus fillos e se definiría profesionalmente como docente.

De lle facermos caso ao propio escritor, aqueles primeiros anos no Salnés non deberon ser fáciles. Nas cartas que redacta nesta época, móstrase morriñento, só e un tanto aburrido<sup>4</sup>. Sirvan de mostra as palabras que lle dirixe a Teixeira de Pascoas (Alonso 1999: 229) o 11 de agosto de 1934, apenas un ano despois de se ter instalado en Vilagarcía:

Fai moito que estou afastado de min mesmo e, por conseguinte, das persoas e das cousas que enchen o meu espírito. Encerrado nun colexio de 2.º insino, ligado a unha serie de negocios que non van connigo, estou atravesando uns intres de íntimo abandono espiritual no que me sinto desfalecer. Nin siquer me poido permitir a fuxida ao conforto da lectura.

Moi pronto habían mudar as cousas. Na primavera do ano 1934, no banquete de voda de Jesús Garrido Álvarez, o conselleiro delegado do Partido Galeguista na provincia de Pontevedra, Aquilino coñece á que había ser a súa esposa, Dolores Ferreirós Santos, con quen casaría o 10 de marzo de 1938.

Jesús Garrido, que andando o tempo se había converter no copropietario do León XIII e no socio de Iglesia Alvariño, era por aquel entón un dos máis activos membros do Partido en Vilagarcía. O que indica que o poeta de Abadín entrara en contacto co círculo galeguista da contorna e que a súa vida persoal comezaba a ser plena e feliz.

Apenas dous anos despois da súa chegada, Iglesia Alvariño convértese no director do León XIII e no ano do alzamento atopámolo protagonizando unha singular e aparentemente apaixonada actividade literaria e política na localidade. Polo xornal *A Nosa Terra*<sup>5</sup> sabemos que a comezos de 1936 publicara «unha cartolina belamente editada contendo tres poemas adicados a Manuel Antonio, Amado Carballo e Vilar Ponte». Trátase con toda probabilidade de *Nenias*.

<sup>3</sup> Aquilino Iglesia Alvariño abandona Vilagarcía de Arousa e o León XIII en 1949, tras aprobar as oposicións que o acreditaban como profesor de ensino secundario. Orde Ministerial do 21 de febreiro de 1949.

<sup>4</sup> O poeta, que pouco tempo antes abandonara definitivamente a vida relixiosa, desenvolvera até aquel momento un activo e constante traballo no seo das Mocidades Galeguistas que o levaran en xullo de 1933 a converterse no director do voceiro do partido, o xornal *A Nosa Terra*.

<sup>5</sup> *A Nosa Terra*, 27-III-1936.

*Elexías verdadeiras de Antón Vilar Ponte, Manuel Antonio e Luis Amado Carballo [Impresos sentimentais, I]*, proxecto editado polo Grupo Galeguista de Vilagarcía na imprenta de Buceta. Nesa mesma época aparecen tamén «Quinto Horacio Flaco: La canción del siglo», realizada polo de Abadín para a conmemoración do bimilenario do nacemento de Augusto na tipografía vilagarcía de José Paz Gómez, e un volume que recollía traducións de poetas clásicos feitas polos alumnos de Alvariño no León XIII. Este último traballo levou por título *Traduccions: Ovidio, Virxilio, Francis Jammes* e imprentouse nas máquinas da Imprenta i-Encuadernación de Bendaña e Paz, de novo na capital arousá.

Se está claro que antes de que comezase a guerra, Aquilino Iglesia Alvariño viña de atopar o seu lugar na cidade que durante tantos anos o acollería, pouco sabemos de como viviu os tres anos que durou a contenda. É de supoñer que como para moitos compatriotas de entusiasmos e angueiras, aqueles deberon ser momentos especialmente tensos, tristes e escuros. Sirva de mostra que quen tanto lograra viuse obrigado a pasar o curso 1937-38, impartindo aulas de latín no *Colexio Labor* de Vigo, lonxe do Salnés e dos seus seres queridos.

## O COLEXIO LEÓN XIII

A vida de Aquilino Iglesia Alvariño en Vilagarcía de Arousa non pode desvincellarse deste progresista centro educativo que xurdira na vila arousá grazas a iniciativa de dous irmáns, Rogelio e Joaquín Núñez de Couto. Propietarios, desde comezos do século XX, dun prestixioso centro de estudos na cidade de Ourense que tamén levaba o nome de León XIII.

O colexio de Vilagarcía fúndase como unha sorte de sucursal estival do centro ourensán tal e como comprobamos nun texto aparecido en *El Miño* o 19 de agosto de 1906, onde lemos:

## COLONIA ESCOLAR LEÓN XIII A VILLAGARCÍA

Son ya muchos los jóvenes y niños con que cuenta esta Colonia Escolar que tan buenos resultados obtuvo el verano último. En ella se admiten toda clase de alumnos de 1.<sup>a</sup> y 2.<sup>a</sup> enseñanza. Magisterio y Carreras Especiales, haciendo sus deberes y atendiendo al desarrollo físico, con baños, duchas, excursiones y abundante y sana alimentación. Repaso para grados y asignaturas que hayan quedado suspensos. Pídanse reglamentos al Director. Campos Elíseos. Villagarcía.

Creemos que até o curso 1918-1919 dirixiu o centro vilagarcían un dos irmán Núñez de Couto, pero a partir de 1920 farao José Núñez Búa, fillo de Rogelio. Núñez Búa, comprometido galeguista desde 1918, participou das iniciativas do Seminario de Estudos Galegos e das ideas do Partido Galeguista desde a súa fundación no Nadal de 1931. Entusiasmo e actividade que debeu compartir con Iglesia Alvariño.

De novo é o poeta de Seivane quen nos describe a súa chegada ao centro e o seu encontro con Búa:

Llegábamos a las puertas del colegio que cerraba una humilde plazuela de tierra. Esta ocultaba sus baches con una espesa capa de conchilla de almejas y berberechos para que la situación fuera más indecisa. Me sentía pequeño, oscurecido, torpe y embarazado con una serie de soluciones que desechaban unas a otras [...] Un abrazo del director del colegio envolvió en ancha cordialidad mis pequeñas vacilaciones de recién llegado y la marina, en la clara seguridad de su luz alejó mi angustia<sup>6</sup>.

Cando a mediados do mes de outubro de 1935, Núñez Búa decide instalarse en Vigo para exercer como avogado e participar activamente na política, Alvaríño toma o relevo na dirección do centro escolar. A confianza no poeta explica ademais que o 7 de marzo de 1939, en plena guerra civil, Jesús Garrido e Aquilino Iglesia Alvaríño lle compren o León XIII a Remigio Valladares Píg, pai de Otilia Valladares, esposa de Núñez Búa<sup>7</sup>. Pagan polo inmoible e as súas pertenzas un total de 4500 pesetas e o mesmo día en que se realiza a transacción, os novos propietarios distribúen as funcións que van desenvolver a partir dese momento. Mentres que Garrido se fai cargo da administración, Alvaríño pasa a dirixir o centro no tocante a persoal e alumnos.

Non debemos pechar esta sección sen anotar que o León XIII contou cun grupo dos Ultreia, a asociación xuvenil fundada e dirixida por Álvaro das Casas. Seguindo a ideoloxía do profesor de Noia, este tipo de agrupacións xuvenís procuraban que os mozos galegos coñecesen a realidade social e económica do seu país

Os mozos que formaban parte dos Ultreia do León XIII organizaban excursións didácticas pola contorna, visitas guiadas ao Monte Lobeira e á veciña vila de Cambados, tiñan un local social onde practicaban boxeo e outros deportes e editaban unha revista da que non nos foi posible atopar ningún número.

Na segunda xeira organizada polos Ultreia un grupo de rapaces percorre as Rías Baixas entre o 1 e o 14 de xullo de 1932. Viaxan desde Muros até Vigo a bordo dun balandro chamado Xoquín Pérez. O día 6 paran en Vilagarcía onde os recibe José Núñez Búa con quen toman un refresco no Concello e unha pequena comida no Club de Regatas. Asisten, nesa mesma xornada, a unha conferencia do profesor Antón Fraguas e ao baile do Casino

O relato detallado da viaxe recólleo *El Pueblo Gallego* no mes de xullo de 1932 en textos escritos polo propio Álvaro das Casas (González Pérez 2008: 160-161).

<sup>6</sup> *El Pueblo Gallego*, 15-VIII-1959.

<sup>7</sup> O matrimonio composto por Otilia Valladares e José Núñez Búa atopábase naquel momento exiliado en América do Sur a consecuencia das comprometidas actividades do galeguista nos primeiros momentos do levantamento.

Ás catro saímos cara Vilagarcía. Escóltannos algúns balandros con Núñez Búa e os camaradas da «IV liña». Fermosísimo recibimento. Refresco no Concello, merenda no Clube de Regatas e baile no Casino. Varios comercios engalanados con bandeiras galegas; emoción nas xentes, que nos saúdan con abrazos fraternais. Os nosos rapaces son invitados a cear nas casas dos seus compañeiros, que se desviven por atendelos.

O profesor da Universidade Antonio Fraguas, veu saudarnos e regálanos cunha doctísima e maxistral conferencia sobre «Xeografía e folcklore de Galicia». Ramón Martínez López e eu imos cear nunha clásica taberna de mariñeiros. Delicioso viño do Ribeiro, mariscos e guisos que saben a maná. Parabéns do patrón, disputas da cociñeira, comentarios cos grumetes que saborean cuncas cheas de branco de Gomariz e de San Clodio. A media noite vento inquedo e inquedante que o noso optimismo supón Norte fresco, ledicias «do mar» como lle chama o noso patrón; vento ao que saudamos coa cantiga viril: *Vento ventiño do norte,/ vento ventiño norteiro,/ vento ventiño do norte,/ serás o meu compañeiro.*

Continúa o texto narrando o sucedido o día 7 de xullo, cando o grupo abandona Vilagarcía:

Erguémonos ás sete e pasamos a fondear fronte á praia de Compostela. Ximnasia, baño. Cargamos gasolina e víveres. Núñez Búa agasállanos cuns centos de churros e café. Vou cumprimentar ao señor comandante de Mariña. Soben a bordo a saudarnos e falar connosco mozas encantadoras e dúcias de Ulteiras, estes Ulteiras de Vilagarcía —tan correctos, tan intelixentes e tan entusiasmados— que rivalizan cos de Pontevedra en seren os primeiros e mellores.

Queda razoablemente argumentada a participación do colexio León XIII e do seu director, José Núñez Búa, no ideario galeguista que tanto había facer pola Galicia de preguerra.

Tras a guerra, as aulas deste centro e o compromiso de Aquilino Iglesia Alvariño farán que neste lugar encontren acubillo e traballo moitas persoas comprometidas coas ideas galeguistas de preguerra que sufriran unha represión máis ou menos cruenta tras a contenda. A semellanza do que sucederá ao redor do Fingoí de Lugo, tamén no Salnés se creará un discreto e tolerado refuxio ideolóxico. Sirva para apuntalar esta afirmación, o feito de que no colexio ao que nos vimos referindo, impartiu aulas de Xeografía e Historia, Celestino Noya Rodríguez, presidente da Deputación de Lugo antes do alzamento, e que Francisco Lamas, alcalde lucense no 36, chegou a Vilagarcía no ano 1942<sup>8</sup> ao pouco de abandonar o cárcere, convidado precisamente por Iglesia Alvariño quen lle ofrecera un soldo no León XIII e un medio refacer a vida tras o desastre persoal.

<sup>8</sup> Torres Mulas (1987: 42)



Creemos ademais que non pode ser casualidade que unha tríade de poetas tan asociada ao Seminario de Santa Catalina en Mondoñedo como son Crecente Vega, Iglesia Alvariño e Díaz Castro<sup>9</sup> teñan pasado parte da súa vida exercendo a docencia nas aulas deste esquecido colexio privado.

## UN PECULIAR CÍRCULO DE INTELLECTUAIS AO REDOR DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Pero non todo era impartir aulas. Durante os anos que viviu na bisbarra arousá, o escritor lucense pasaba parte das tardes nun concorrido faladoiro coñecido como Peña Alegría. Tratábase dun estable fato de amigos entre os que figuraban ademais de Jesús Garrido e Iglesia Alvariño, o libreiro Severino González Lazán, o impresor Viñas Cortegoso, o xornalista Ramón García Briones, o pintor Manuel Pesqueira, o consignatario José Buhigas, o xefe de Correos Gerardo Carregal e un tal José Sirvent que traballaba como representante de máquinas de escribir.

Borobó nun dos seus *Anacos*<sup>10</sup> descríbemos ao grupo de amigos tal e como el o coñeceu no ano 47:

Levóume Aquilino a tomar o aperitivo nunha confitería da Alameda, onde facía tertulia cos amigos antes de xantar. Alí coñecín aquíl día a Ramón García Briones, o infatigable proxectista arosano, e a Manuel Pesqueira, o xenial pintor de Lantaño. Logo fumos comer nunha fonda, en compañía de Viñas Cortegoso, inspector sancionado de escolas que naquiles días fora repostado, e namentres gañara a vida con traballos de imprenta, na que era experto. Os demais comensales, aparte de min, eran Aquilino, Xesús e Severino.

Este Severino do que nos fala Borobó, era Severino González Lazán, o propietario da librería *Celta*, un humilde taller de artes gráficas que no ano 39<sup>11</sup> abrira as súas portas na rúa Ramón y Cajal, non moi lonxe do domicilio familiar do propio Aquilino. A librería *Celta* e o seu propietario converteranse en figuras claves na edición de *Cómaros verdes*.

González Lazán, que era valisoletano, trasladárase a Lugo no ano 28 para ocupar un posto de sereno municipal que decontado lle permitiu ascender até converterse no subxefe da garda municipal. Emprego que desenvolvía cando comezou a guerra civil. O 27 de outubro de 1937, a corporación municipal franquista da cidade acorda expedientar a Lazán privándoo de emprego e soldo. Segundo conta a familia -que ignora os motivos reais que provocaron a medida

<sup>9</sup> Profesor no León XIII entre 1940 e 1947.

<sup>10</sup> «Adicatoria de Cómaros verdes», *La Voz de Galicia*, 10-VIII-1983.

<sup>11</sup> Segundo consta nos libros do Arquivo Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, o primeiro de xullo de 1939, Esteban González dá de alta o negocio de librería. Apenas un ano despois, o primeiro de abril de 1940, a librería *Celta* cambia de propietario. Figurando a partir de entón como tal Severino González Lazán.

tomada polo consistorio-, foi entón cando Severino comezou a traballar para unha empresa de papelería e libraría que era propiedade Francisco Esteban González.

Esteban González, era o propietario da libraría *Celta* de Lugo, a matriz da *Celta* vilagarcía que crearía precisamente, como unha sucursal da empresa lucense. A *Celta* de Lugo estaba instalada desde o ano 38 nos amplos baixos dun local na rúa de San Marcos, mesmo en fronte da Deputación Provincial. Esta empresa, que andando o tempo se había converter nun importante selo editorial para as nosas letras onde verían a luz libros de Manuel María, Luís Pimentel, Xosé Neira Vilas e moi especialmente, de Xesús Alonso Montero, era xa naqueles primeiros anos un próspero negocio dedicado á moderación impresa para concellos e xulgados. Isto é a venda, nun momento en que as fotocopias e impresións eran impensables, dunha ampla gama de impresos e oficios especificamente destinados a esas entidades formalmente constituídas.

Como empregado da libraría *Celta* de Lugo, Severino pasou os primeiros anos da guerra desenvolvendo unha curiosa tarefa. O seu traballo por aquel entón consistía en viaxar nunha vella furgoneta até a fronte para venderlles aos quintos todo tipo de impresos, papel e outros útiles de escritura. Facíao seguindo ao exército franquista a medida que este ía gañando terreo aos republicanos. A perigosa ocupación do traballador e o particular do negocio falan alto e claro da posición ideolóxica do propietario da libraría e imprenta *Celta*, o señor Francisco Esteban González.

Rematada a guerra, Esteban González que se enriquecera ostensiblemente grazas á boa relación que mantiña co Réxime, acorda ampliar o seu negocio e para iso viaxa até Vilagarcía de Arousa coa idea de mercar o local e a maquinaria de *Galicia Nueva*, un xornal agrarista fundado en 1907 que asumira as ideas do Partido Galeguista e que caera en desgraza co trunfo do alzamento militar<sup>12</sup>.

En pouco máis dun ano e grazas ao seu traballo e empeño, Severino González Lazán pasará de ser o empregado responsable da nova libraría a ser o propietario do negocio.

## CÓMAROS VERDES

Cando Severino González Lazán e Aquilino Iglesia Alvariño acordan a edición do que había pasar á historia como o primeiro poemario en galego tras o silencio imposto pola guerra civil, deciden poñer todo o seu empeño en editar un volume digno, coidado e pulcro. O resultado foi unha esmerada edición da que só se fixeron cincocentos exemplares, aos que cómpre sumar outros dez numerados e dez máis en papel de fío asinados polo autor.

<sup>12</sup> O primeiro número de *Galicia Nueva* viu a luz o 15 de marzo de 1907. Máis de trinta anos despois, o 2 de xullo de 1938 saía á rúa o último exemplar deste comprometido xornal. Nas máquinas de *Galicia Nueva* imprentara Ramón Cabanillas, *Da terra asoballada* (Vilagarcía de Arousa, 1917).

En realidade nin a imprenta *Celta* nin os seus empregados fixeran nunca un traballo de semellante envergadura, as máquinas das que dispuñan non eran as máis adecuadas e o proceso resultou dificultoso e extremadamente caro. Déixao claro Raimundo García, Borobó (1988:15), ao relatar unha visita que fai a Vilagarcía de Arousa para cobrarlle a Aquilino o «alugueiro» do seu título universitario co que o poeta, que non tiña recoñecidos os anos de estudo no seminario, exercía no León XIII. Cóntanos o xornalista que:

Fui desde Santiago a Villagarcía de Arousa para recibir de Aquilino la parva congrua que me correspondía por mi condición de profesor *in partibus infidelium* de su colegio León XIII. Acababa de publicarle la efímera Editorial Celta su libro esencial, *Cómaros verdes*, invirtiendo yo en la adquisición de un ejemplar de la máxima obra poética gallega de la posguerra la octava parte del estipendio mensual que el autor me había abonado previamente. Por eso escribí Iglesia Alvariño en su dedicatoria «A Borobó, que pagóu cinco pesos coma un rey».

Na mesma liña apuntan as palabras de Severino González (De la Torre 1996: 42), o fillo maior do impresor, quen afirma que:

Don Aquilino Iglesia Alvariño, su autor, que era director del colegio León XIII, y don Jesús Garrido le propusieron a mi padre editar el libro. La verdad es que no estábamos preparados para aquello. Fue una edición muy cuidada, compuesta a mano, con un papel especial. Los ejemplares se vendían a cinco duros y debieron costar 30 pesetas. La verdad es que fue una aventura, un juguete... pero es que en aquella época había un aire cultural que no hay hoy.

Noutra orde de cousas, debemos anotar que segundo se pode ler no colofón do libro, o volume rematouse de imprimir o 24 de xullo de 1947 «na víspera do día de Galicia e de Santiago». O dato non é en absoluto irrelevante, pois como é ben sabido a celebración do Día de Galicia cadrando co día do Apóstolo, tiña un importante significado simbólico para todos aqueles galeguistas que se vían obrigados a vivir no abafante silencio imposto polo goberno do ditador. O propio Aquilino Iglesia Alvariño sinala a importancia da data nun artigo aparecido n'*A Nosa Terra*:

Porque o Día de Galicia é algo fundo, carregado de arelas e degaros nidios. Inda que non tivera ningún hourizonte visible, sería de un contido racial insospeitable, sô por ser un movemento de masas<sup>13</sup>.

Talvez a insistencia do impresor e do poeta en que o libro vía a luz precisamente un 25 de xuño, Día da Patria, teña algo que ver coa serie de problemas que o volume lles ocasionou. Dificultades que, ao noso modo de ver, poñen en evidencia que os versos eran menos inocentes do que en principio parece e que o seu autor era un home fondamente comprometido con Galicia e cos galegos

<sup>13</sup> *A Nosa Terra*, 25-VII-1933

que soubo arriscar o seu benestar persoal en beneficio dunha literatura e dunhas ideas que permanecían forzosamente agochadas desde o inicio da guerra.

### CÓMAROS VERDES E OS PROBLEMAS COA CENSURA

Segundo parece a inocencia, a inconsciencia ou o atrevemento do autor e do seu impresor fixeron que o libro se editase sen contar coa oportuna licenza á que obrigaba a censura vixente na época. Para publicar un libro en 1947 era preciso presentar previamente a correspondente instancia na Dirección General de Propaganda, dependente da Subsecretaría de Educación, incluída á súa vez dentro do Ministerio de Educación. O trámite burocrático acostumaba acompañarse dunha copia do exemplar que se pretendía imprimir coa intención de obter o visto e prace do censor que se asignase. Atreverse a editar sen o consentimento pertinente supuña incorrer nun grave delito o que nos leva a supoñer que o ousado comportamento do propietario da librería *Celta* e do autor do poemario puxo a ambos nun serio problema que se había resolver dunha forma bastante insospeitada.

Segundo Xosé Manuel Dasilva (2008: 94), o 23 de xullo de 1947, dous días antes de que o libro se rematase de imprimir de lle facermos caso ao colofón do mesmo<sup>14</sup>, Enrique Quesada Munuera, como delegado provincial da Dirección General de Propaganda en Pontevedra, remite un oficio a Madrid no que informa da impresión do poemario sen os permisos oportunos.

Nese escrito fai explícitas as dúas medidas urxentes que se tiñan adoptado ao respecto. En primeiro lugar, tiñaselle transmitido unha orde ao gobernador civil para que a policía actuase e recollese da imprenta todos e cada un dos exemplares do libro. Ademais, requirírase a presenza do delegado local en Vilagarcía para que se informase con detalle do sucedido.

Debemos imaxinar o desacougo e a inquietude que a de seguro repentina irrupción da policía na imprenta *Celta*, puido provocar en traballadores e propietario.

A isto parece aludir o poeta, sempre discreto e comedido, cando pouco tempo despois, lle envía unha carta<sup>15</sup> a Ramón Otero Pedrayo, na que como quen non quere a cousa lle fai saber que «o día de Santiago tiña todo preparado para que un libro de versos galegos estivese nos escaparates de Compostela. Pero inda está na imprenta esperando polo permiso».

Tres días despois da denuncia, o 26 de xullo, un alarmado Aquilino Iglesia Alvariño, temeroso non só do secuestro da edición completa senón dun castigo e sanción importantes, presenta na Delegación Provincial de Pontevedra a solicitude formal de permiso de edición que será tramitada con urxencia ante a

<sup>14</sup> O que demostra claramente que a data do 25 de xullo era certamente pertinente para o escritor.

<sup>15</sup> A carta orixinal consérvase na Fundación Penzol, no Fondo Otero Pedrayo, arquivada baixo a seguinte referencia: CA-611/98 (24).

Dirección General de Propaganda. Como a situación era realmente grave, o escritor decide actuar e envíalle unha carta a Juan Aparicio un personaxe influínte, claramente afecto ao réxime, que entre 1941 e 1946 exercera como Delegado Nacional de Prensa. O lucense pídelle a Aparicio, naquel momento director do xornal *Pueblo*, que interceda por el no caso. Juan Aparicio acorda axudar e envíalle un cata a Juan Beneyto con data 8 de setembro de 1947 onde lle expón a delicada situación:

Con fecha 4 de septiembre recibí carta de D. Aquilino Iglesia Alvariño, de Villagarcía de Arosa (Pontevedra), interesándome active la autorización de un libro de versos gallegos, de que es autor, cuya edición está tirada, y que remitió a Educación Popular a este fin, por lo que te ruego si está en tu mano hagas lo posible por complacerle, ya que tengo bastante interés en ello. Recibe un cordial abrazo de tu siempre buen amigo.

Apenas un mes despois, Beneyto envíalle a Aparicio unha resposta, na que lle asegura que o poemario de Iglesia Alvariño dispuña do oportuno permiso «una vez resultas ciertas incidencias de trámite».

Solucionado o problema, o 24 de setembro de 1947, na Sección de Inspección de Libros, aceptábase a publicación de *Cómaros verdes*. Miguel Piernavieja, o responsable da lectura do volume, resolvía o seu informe cun: «Colección de poesías en gallego. Nada censurable». Un par de días despois, o 26 dese mesmo mes, a Dirección General de Propaganda sobreseía as actuacións iniciadas ao comezo do verán coa vontade de sancionar a publicación do poemario que imprentaran sen licenza.

Tal e como ten sinalado Dasilva no artigo xa citado:

A intervención de Juan Aparicio resultou decisiva, sen ningún xénero de dúbidas, non só para que *Cómaros verdes* recibise licenza -malia o acto delituoso de Iglesia Alvariño ao editalo sen permiso-, senón ademais para que tanto o autor como a imprenta quedasen exculpados. Polo que se observa, a xuízo de Juan Aparicio era permisible que se publicase un libro de versos en galego, como *Cómaros verdes*, mais en ningún caso que se editase a tradución dun ensaio filosófico en alemán, como *Da esencia da verdade*.

Outra mostra do clima tenso que creaba a edición de tan inocente poemario encontrámola nas lembranzas de Daniel Garrido Castromán (2012: 6), fillo de Jesús Garrido Álvarez, o socio de Aquilino Iglesia Alvariño no colexio León XIII:

Con motivo de la publicación de «Cómaros verdes», en el año 1947, unos «aduladores» fueron a comunicarle a Mohamez Ben Mizian del Kasem, personaje de gran influencia con Franco, tamaño atrevimiento. Parece ser que el personaje les preguntó: «¿Dice algo contra el Gobierno? ¿Hay alguna ofensa a la Virgen? ¿Hay ofensas contra la religión?». Al haberle respondido que no, pero que estaba escrito en gallego, dijo: «Hay que dejar que cada región utilice su lengua vernácula para que se conserve».

Refírese a Mohammed ben Mizzian (1897-1975) militar marroquí que desde o primeiro momento apoiou a sublevación do exército franquista en África. Íntimo amigo de Francisco Franco e o seu protexido, nos anos cincuenta foi nomeado Capitán Xeneral da VIII Rexión Militar, Galicia.

Creemos que todos estes incidentes e de seguro algún máis que descoñecemos, poden xustificar sobradamente a dedicatoria que o autor de *Cómaros verdes* estampou no exemplar que lle regalou ao impresor: «A Severino González Lazán, editor deste libro que se recordará sempre da aventura, cunha aperta de Aquilino Iglesia»<sup>16</sup>.

## OUTRAS PUBLICACIÓNS DA CELTA VILAGARCÍA

Antes de *Cómaros verdes*, Severino e Aquilino, partillaran a edición experimental dalgúns outros textos. No ano 1946 saudábase na trastenda da *Celta* a aparición dunha pequena tarxeta co poema «Nascida d'un sono. Tríptico á groira betanceira», co que José María Díaz Castro gañara o Primeiro Premio de Poesía Galega nos Xogos Florais que se celebraran en Betanzos o 19 de agosto do 46. No mesmo ano apareceu, tamén en formato tarxeta, *Nenia. Finamento e natal de dous poetas namorados*, de Aquilino Iglesia Alvariño.

Estes dous humildes traballos falan alto e claro da amizade que unía ao poeta e ao libreiro e preludian o esforzo e o interese dos dous pola edición de literatura na nosa lingua. Máis difícil resulta xustificar a edición de *De día a día* (Celta, 1960) e *Leva o seu cantare* (Celta, 1964), ambos da autoría de Aquilino Iglesia Alvariño.

Tras 13 anos de silencio literario, Aquilino Iglesia Alvariño asina o primeiro dos poemarios ao que nos acabamos de referir, *De día a día*. Trátase dun coidado volume do que se fixo unha tiraxe pequena, de apenas 250 exemplares numerados, en cuxo colofón se pode ler que se acabou «de imprimir este libro na imprenta Celta de Vilagarcía de Arousa no mes de febreiro de 1960». Como xa se explicou, a *Celta* vilagarcía non tiña capacidade nin recursos para editar un poemario así. En realidade autor e libreiro, levaran o volume a imprimir a *La Ibérica*, un taller na compostelá rúa do Franco<sup>17</sup> onde realmente verían a luz os versos.

Algo semellante sucede con *Leva o seu cantare*, o derradeiro poemario de Iglesia Alvariño. Un libro póstumo, editado por un fato de amigos e preparado por Isidro Conde en cuxo colofón lemos que o volume foi impreso na «Celta de Vilagarcía de Arousa no mes de febreiro de 1964».

Chegados aquí debemos preguntarnos por que Iglesia Alvariño, un poeta recoñecido, militante nacionalista antes do 36, se autoedita e publica as súas composicións baixo un selo comercial que en realidade non podía responsabili-

<sup>16</sup> Aquilino Iglesia Alvariño entregoulle a Severino González Lazán o décimo exemplar numerado. Na actualidade, o volume consérvao a familia do impresor.

<sup>17</sup> Borobó, «O señor das palabras», *La Voz de Galicia*, 27-I-1986.

zarse deste tipo de encomendas pero que se empeñaba en dar a luz libros fermosos de feitura coidada.

En 1947 non existía unha editora o suficientemente sensible que se puidese facer cargo da edición do poemario analizado, o que xustificaría a aparición de *Cómaros verdes* na *Celta* de Vilagarcía, pero desde xullo de 1950, os galegos contaban cunha editorial, Galaxia, que fora constituída coa firme vontade de atender os intereses da nosa literatura. Non nos consta que Iglesia Alvariño tentase publicar *De día a día* ou *Leva o seu cantare* na editorial Galaxia pese a que el mesmo era socio fundador do proxecto.

De novo será Borobó (2003:74) que nos explique que:

O señor das palabras mantíña un singular afastamento do cenáculo da Rosaleda e do seu xeito de aristocratizar intelectualmente o galeguismo: se ben sentía un excepcional respecto por Otero Pedrayo.

Tampouco se lles escapa esta contraditoria situación a Xosé Luís Méndez Ferrín (1990: 130) ou a Alonso Montero quen nun artigo publicado no *Faro de Vigo*<sup>18</sup>, amósase sorprendido e vese incapaz de xustificar a súa postura:

En realidade, ¿cal era a discrepancia de fondo entre Aquilino e os homes da editorial Galaxia? En principio non parece haber ningunha razón importante para que o grupo de Galaxia non o acollese con entusiasmo, pois Aquilino, catedrático, home de prestixio cultural, con «obra» valiosa, fora, como algúns do Partido Galeguista, e o seu conservadurismo claro desde febreiro de 1936, non disonaba co espírito dos promotores de Galaxia [...]. En calquera caso algo importante, intelectualmente falando tiña que motivalo distanciamento (ou a non xenerosa acollida).

Co paso dos anos e a falta de testemuños non resulta doado explicar cal era a discrepancia que arredaba a Aquilino dos homes do grupo Galaxia pero pensamos que hai cando menos dous sucesos que poden axudarnos a entender a actitude e comportamento do poeta de Abadín.

Un deles ten que ver precisamente con Ramón Otero Pedrayo. Cando Otero, que había ser o primeiro presidente da editorial Galaxia, viaxa a Bos Aires en 1947 convidado polo Centro Galego da capital, responsabilízase da dirección da magna *Historia de Galicia* que patrocinaba Manuel Puente. Xa de regreso, don Ramón organiza o traballo entre os intelectuais que permanecen en Galicia e acorda encargarlle a Aquilino o apartado dedicado á historia da lingua. O de Abadín acepta a encomenda e redacta un traballo de case cen folios onde reflexiona sobre a nosa lingua e a súa historia.

Este texto, que nunca chegaría a publicarse, non foi do agrado de Puente, o mecenas da obra, quen en carta a Otero Pedrayo deixa claro que:

<sup>18</sup> *Faro de Vigo*, 17-V-1986

A min e aos amigos patriotas a quenes teño ao tanto de tudo o referente á Historia, nos produxo magoante impresión. Non, dende logo, polo que fai ao aspecto científico e técnico do traballo que estimamos [...] senón ao espírito «derrotista» ou de subestimación da nosa lingua (Alonso Montero 2008: 31).

O magnate recoméndalle ao de Trasalba que lle pida ao autor que refaga e emende o traballo. Petición que ao de Abadín certamente non lle debeu agradar.

Ademais deste desencontro, segundo Luciano Rodríguez (2009: 41), Aquilino pasou un mal momento cando presentou a súa versión dos *Carmina* de Horacio<sup>19</sup> a un premio que a Editorial Bibliófilos Gallegos convocara para traducións feitas ao galego desde as linguas orixinais.

Prodixosamente o galardón foi parar a outras mans quizais un pouco irregularmente. Vexamos por que. O premio foi para o *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny, tradución feita partindo dunha versión alemá. Celestino Fernández de la Vega pon o texto en castelán e Ramón Piñeiro adaptado ao galego. Así pois, a tradución non se fixo directamente do gaélico, mais foi premiada, coa conseguinte decepción de quen xogara limpo e fora burlado.

Non debemos pechar esta, necesariamente breve, achega á obra galega de posguerra de Aquilino Iglesia Alvariño, sen facer notar que o tempo debeu limar moitas das asperezas que vimos de sinalar. No ano 1961 as *Nenias* de Alvariño inaugurarán a Colección Salnés da Editorial Galaxia e un ano despois, no 62, os homes do importante selo editorial publicarán *A comedia da oliña*, tradución galega que Aquilino fixera da *Aulularia* de Plauto.

## BIBLIOGRAFÍA

- Abellán, L. (1980) *Censura y creación literaria en España (1939-1976)*, Barcelona, Ediciones Península.
- Alonso Estravis, I. (ed.) (1999) *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolario*, Sada, Edición do Castro.
- Alonso Montero, X. (1986) *Aquilino Iglesia Alvariño. Poesía Galega Completa*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Alonso Montero, X. (1986) «Notas para situra(mos) a poesía de Aquilino», *Faro de Vigo*, 17-V.
- Alonso Montero, X. (1997) *Poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía*, Madrid, Ediciones Akal.
- Alonso Montero, X. (2006) *Os escritores galegos ante a guerra civil española 1936-1939. Textos e actitudes*, Vigo, Editorial Galaxia.

<sup>19</sup> Os *Carmina* foron finalmente publicados polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento, en Santiago de Compostela, no ano 1951.



- Alonso Montero, X. (2008) «Para a biografía lingüística de Aníbal Otero: da súa relación con Otero Pedrayo», en VV. AA. «*A mi dizen quantos amigos ey*». *Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Barreiro Fernández, X. R. + Díaz-Fierros F. + Fabra Barreiro G. *et al.* (1994), *Los gallegos*, Madrid, Ediciones Itsmo.
- Carballo Calero, R. (1981) *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Dasilva, X. M. (2008) «Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego», *Grial. Revista Galega de Cultura*, núm. 179, pp. 86-97.
- De La Torre, A. (1996) «En la posguerra hacía contrabando de libros», *La Voz de Galicia*, 14-I, p. 42.
- García Domínguez, R. (1983) «Adicatoria de Cómaros Verdes», *La Voz de Galicia*, 10-VIII.
- García Domínguez, R. (1986) «O señor das palabras», *La Voz de Galicia*, 27-I.
- García Domínguez, R. (1986) «En el año de Cómaros verdes», *La Voz de Galicia*, 20-II.
- García Domínguez, R. (2003) *Libro dos exemplos*, Vigo, A Nosa Terra.
- Garrido, D. (2012) «Muere Lola, la viuda del galeguista Aquilino Iglesia», *Faro de Vigo*, 4-I, p. 6.
- González Pérez, C. (2008) *Mar adiante. As xeiras dos Ulteira*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible.
- Hermida García, M. «Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta», *Dorna. Revista de expresión poética*, núm. 10, pp. 101-103.
- Iglesia Alvariño, A. (1933) «Interpretacións», *A Nosa Terra*, 25-VII-1933, núm. 302.
- Iglesia Alvariño, A. (1947) *Cómaros verdes*, Vilagarcía de Arousa, Edicións Celta.
- Iglesia Alvariño, A. (1959) «Deudas impagables», *El Pueblo Gallego*, 15-VIII.
- Iglesia Alvariño, A. (1960a) «Aquel poeta de Codeseira», *La Noche*, 27-VI.
- Iglesia Alvariño, A. (1960b) *De día a día*, Vilagarcía de Arousa, Edicións Celta.
- Iglesia Alvariño, A. (1964) *Leva o seu cantare*, Vilagarcía de Arousa, Edicións Celta.
- Iglesia Alvariño, A. (1994) *Polo correo do vento*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

- Iglesia Alvariño, A. (2001) *Poemas castellanos 1936-1937*, Edición non venal co gallo do cincuentenario do finamento do autor e en homenaxe a súa muller, Dolores Ferreirós Santos, Seivane, Ediciós A Pedrosa.
- Meilán, E. M. (2006) *Para los que no vieron. Francisco Lamas López, memorias del alma lucense republicana*, Sada, Ediciós do Castro.
- Méndez Ferrín, X. L. (1949) «Aquilino», *Faro de Vigo*, 21-II.
- Méndez Ferrín, X. L. (1990) *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Méndez Ferrín, X. L. (1997) «Aquilino na Arousa», *Faro de Vigo*, 28-VII.
- Torres Mulas, R. (1987) *El Lugo de la diáspora*, Sada, Ediciós do Castro.
- Villamayor, S. (1996) «O silencio interior (1940-1950)», *Historia da literatura galega*, Vigo, A Nosa Terra, pp. 1025-1057.